



Expediente núm.: 4773/2023

Procedemento: Proceso selectivo do programa da especialidade de profesor/a de música e movemento

Resolución de Alcaldía con núm. e bases establecidas á marxe

Asunto: Aprobación das bases reguladoras para o nomeamento de funcionario/a interino/a para a execución dun programa de carácter temporal de duración determinada na categoría de profesor/a de música e movemento da Escola Municipal de Música.

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Visto o informe sobre a necesidade urxente e inaprazable de proceder ao nomeamento de funcionario/a interino/a na categoría de profesor/a de música e movemento da Escola Municipal de Música emitido polo director da Escola Municipal de Música.

Visto o informe xurídico, e o acordo acadado na Mesa Xeral de Negociación sobre as bases reguladoras do proceso selectivo.

En virtude das facultades conferidas polo art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar as bases reguladoras do proceso selectivo para o nomeamento de funcionario/a interino/a para a execución dun programa de carácter temporal de duración determinada na categoría de profesor/a de música e movemento da Escola Municipal de Música que se transcriben no Anexo a presente resolución.

SEGUNDO. Convocar o referido proceso selectivo, procedendo a tramitación da selección para o nomeamento segundo o estipulado nas ditas bases, mediante a publicación da convocatoria.

TERCEIRO. Informar que contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor alternativamente recurso potestativo de

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





Concello de Barbadás

reposición ante o Alcalde no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da presente resolución, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense ou, na súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da recepción desta notificación, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso potestativo de reposición non poderá interporse recurso contencioso- administrativo até que sexa resolto expresamente ou sexa desestimado por silencio. Todo isto sen prexuízo da posibilidade de interpor calquera outra recurso que se estime máis oportuno en dereito.

Dna. Victoria Morenza Doforno, primeira tenente de alcaldesa, por delegación de funcións de Alcaldía (Resolución de Alcaldía de data 24/07/2023, decreto núm. 2023-1673)

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE.

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





ANEXO: BASES REGULADORAS PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A PARA A EXECUCIÓN DUN PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL DE DURACIÓN DETERMINADA NA CATEGORÍA DE PROFESOR/A DE MÚSICA E MOVIMENTO DA ESCOLA DE MÚSICA.

Exposición de motivos.

É obxecto das presentes bases regular os procedementos de selección o nomeamento de funcionario/a interino/a para a execución dun programa de carácter temporal de duración determinada na categoría de profesor/a de música e movemento da escola de música.

O Concello de Barbadás conta cunha Escola Municipal de Música, servizo que se oferta á cidadanía con diferentes especialidades musicais. Así mesmo, ao longo de cada exercicio económico, o Concello de Barbadás, debe contar coas dotacións de persoal necesarias, xa que a falta de docentes suporía a suspensión do servizo.

A aprobación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Barbadás, así coma a asignación de horarios de docencia e a planificación de usuarios da escola fan necesario un proceso de adaptación con persoal de apoio de carácter coxuntural, non estrutural, mentres duren os procesos de adaptación derivadas da aplicación da mesma.

As devanditas necesidades do servizo superan a mera acumulación de tarefas, polo que a duración dos nomeamentos deben enmarcarse nun programa de execución temporal dos contemplados no 10.1.c do EBEP e 23.1.c da LEPG.

Porén, e respectando en todo caso as dispoñibilidades orzamentarias do Concello de Barbadás, legalidade vixente en materia de emprego público e de conformidade coa Lei de Orzamentos Xerais do Estado, considérase a





existencia de necesidades urxentes e inaprazables que fan imprescindible o nomeamento para a prestación do servizo da Escola de Música municipal.

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

PRIMEIRA. OBXECTO.

1. É obxecto deste proceso a creación dun programa de carácter temporal para o nomeamento como funcionario/a interino/a dun programa de carácter temporal de duración determinada na categoría de profesor/a de música e movemento da escola de música.

2. A duración prevista do programa será dun ano, prorrogable dentro dos límites establecidos na normativa vixente. O prazo máximo de duración da interinidade farase constar expresamente no nomeamento e non poderá ser superior a tres anos, ampliábelos ata doce meses máis de xustificalo a duración do correspondente programa

3. Os aspirantes deberán abonar unha taxa de 30 euros pola participación en procesos de selección de persoal do Concello de Barbadás, segundo o establecido no artigo 5º da Ordenanza Reguladora.

4. A cota poderá ser bonificada segundo o segundo o establecido no artigo 6º da Ordenanza Reguladora, do seguinte xeito:

Bonificación do 100% das cotas tributarias previstas no artigo 5º, os contribuíntes que estén nalgunha das seguintes situacións:

a) As persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%, sempre que permita desenvolver as funcións ás que opte e se acredite mediante a certificación ou documentación equivalente emitida polo organismo competente en materia de discapacidade.

b) As persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría especial ou que formen parte dunha unidade familiar cuxa renda per cápita individual sexa igual ou inferior a 1,5 veces o valor do IPREM, sempre que se acredite mediante a achega da autoliquidación ou autoliquidacións do IRPF dos membros da unidade





familiar correspondente ao último período impositivo pechado na data de reivindicación da taxa.

c) As persoas vítimas do terrorismo, entendendo por tales, as persoas que teñan recoñecida tal condición por sufrir danos físicos ou psíquicos coma consecuencia da actividade terrorista, así coma o seu cónxuxe ou persoa coa que convivise con análoga relación de afectividade, e os fillos dos feridos ou falecidos.

d) As persoas vítimas de violencia de xénero.

Bonificación do 50% das cotas tributarias previstas no artigo 5º, os contribuíntes que estén nalgunha das seguintes situacións:

a) As persoas que sexan membros de familias numerosas de categoría xeral ou que formen parte dunha unidade familiar cuxa renda per cápita individual sexa igual ou inferior a 2 veces o valor do IPREM, sempre que se acredite mediante a achega da autoliquidación ou autoliquidacións do IRPF dos membros da unidade familiar correspondente ao último período impositivo pechado na data de reivindicación da taxa.

b) As persoas que figuren como demandantes de emprego dende, polo menos, os seis meses anteriores á data de convocatoria das probas selectivas en que soliciten a súa participación e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego. Esta situación acreditarase mediante certificación expedida pola Oficina de Emprego, no caso da situación de demandante de emprego, e certificación do Servizo Público de Emprego Estatal para acreditar o non estar a percibir a prestación ou subsidio por desemprego.

5. As anteriores bonificacións non son acumulables entre sí. Cando un contribuínte estea en máis dunha situación poderá optar por aquela que considere, pero so por una delas.

6. A documentación acreditativa das circunstancias anteriores e do cumprimento dos requisitos para a aplicación da bonificación achegarase xunto co resto da documentación do proceso selectivo.





7. O ingreso da taxa deberá efectuarse empregando o impreso normalizado de autoliquidación que se facilitará como anexo da convocatoria. Ademais, o citado modelo estará a disposición dos aspirantes na Sede Electrónica do Concello de Barbadás. Co impreso, debidamente cumprimentado, deberá procederse ao ingreso nas entidades bancarias autorizadas no propio modelo.

8.- O impreso normalizado debidamente formalizado mediante selo ou validación mecánica da entidade bancaria servirá como xustificante do pagamento, para a acreditación do mesmo no proceso e deberá aportarse xunto co modelo oficial de solicitude de participación do proceso selectivo. A non aportación suporá a inadmisión no proceso selectivo.

9.- O importe consignado como cota tributaria, consonte aos artigos 5º e 6º anteriores, será comprobado como requisito na admisión dos aspirantes ao proceso selectivo xunto co resto de xustificantes e documentos esixidos. A consignación dun importe incorrecto suporá a inadmisión do proceso selectivo.

SEGUNDA. SISTEMA DE SELECCIÓN.

1. O procedemento de selección realizarase polo sistema de concurso de méritos. Como resultado dos procesos de selección, aprobase ademais unha lista de agarda, nos termos previstos nestas bases. Mediante Decreto de Alcaldía procederáse á convocatoria do proceso selectivo que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Barbadás e na páxina web do concell

2. Tódolos anuncios, actos e resolucións derivados dos procedementos de selección serán obxecto de publicación no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Barbadás e na páxina web do concello (sección Administración - Emprego Público), ubicados nas seguintes ligazóns:

<https://www.barbadas.es/administracion-e/empleo-publico-es/#concello>

<https://barbadas.sedelectronica.gal/info.2>





Ademáis, a convocatoria dos procedementos de selección será obxecto de publicación nun diario de gran tirada na provincia.

TERCEIRA. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

1. Para formar parte do proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de expiración do prazo concedido para a presentación das solicitudes:

1. Ter a nacionalidade española, sen prexuízo de ter outra nacionalidade que lle permita o acceso ao emprego público, conforme aos artigos 56 e 57 do TREBEP e ao art. 52 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.
2. Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa (requisito que deberá acreditarse coa presentación de copia do Documento Nacional de Identidade).
3. Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais e funcións correspondentes ao posto de traballo para o que se opta. Este extremo só terá que ser acreditado no momento da contratación coa presentación do correspondente certificado médico.
4. Declaración de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionario ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado.
5. Declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidades de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.
6. Estar en posesión, ou en condicións de obtelo na data en que se





Concello de Barbadás

termine o prazo de presentación de instancia do Título de Bacharelato e das titulacións esixidas pola Circular 12/2006 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia pola que se establecen as titulacións que deberá posuír o profesorado que imparta docencia nas escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia, que dispón que “O profesorado das escolas de música deberá posuír algunha das seguintes titulacións ou reunir todos os requisitos necesarios para a súa expedición:

- a) Título superior de música establecido no artigo 54 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en calquer especialidade.
 - b) Título profesional de música establecido no artigo 50 da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en calquer especialidade.
 - c) Título de profesor superior ou título de profesor do plan de estudos que regula o Decreto 2618/1966, do 10 de setembro, polo que se aproba o regulamento xeral dos conservatorios de música, en calquer especialidade.
 - d) Título de profesor ou título profesional do Plan de estudos que regula o Decreto do 15 de xuño de 1942, en calquer especialidade.
7. Non figurar inscrito no Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, que depende do Ministerio de Xustiza.
8. De conformidade co establecido no artigo 51.1 da Lei do Emprego Público de Galicia, para formar parte da listaxe de candidatos será requisito acreditar un coñecemento da lingua galega equivalente ao CELGA 4 ou o título equivalente debidamente homologado de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (DOG núm. 146, do 30 de xullo), modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014 (DOG núm. 34, do 19 de febreiro). As persoas que non poidan acreditar





documentalmente a posesión deste requisito deberán superar a proba de lingua galega prevista na base sexta.

2. Os anteriores requisitos deberanse reunir con referencia ao último día de prazo de presentación das instancias e manterse durante a vixencia da relación con este Concello, sendo nula a contratación de quen estea incurso en causas de incapacidade conforme á normativa vixente.

CUARTA. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1. A instancia, xunto co resto da documentación mínima que os aspirantes deben presentar solicitando participar no proceso selectivo presentarase no modelo ANEXO I dirixido ao Alcalde da Corporación, no Rexistro Xeral do Concello, en horario de 8:30 a 14:00 horas de luns a venres, no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, efectuada conforme á Base Segunda.

2. As instancias, xunto coa documentación precisa tamén poderán remitirse na forma prevista no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como a través da Sede electrónica do Concello. As instancias presentadas nas Oficinas de Correos de acordo co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, del Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e desenvolvemento regulamentario, presentarase en sobre aberto para ser fechadas e seladas polo funcionario de Correos antes de ser certificadas dentro do prazo de presentación de instancias. Só neste caso entenderase que as instancias han ter entrada no Rexistro Xeneral do Concello na data na que foron entregadas na Oficina de Correos. É a instancia a que debe ser selada.

Nos casos anteriores os aspirantes deberán remitir un e-mail ao seguinte correo: administracion@barbadas.es, coa copia da solicitude debidamente rexistrada dentro do prazo de presentación.

3. Xunto á instancia, tamén se presentará a seguinte documentación:

- D.N.I ou tarxeta acreditativa da súa identidade, expedida polas autoridades competentes no caso de cidadáns comunitarios.





Concello de Barbadás

- A titulación esixida para desempeñar o posto ao que se opta.
- Certificado negativo del Registro Central de Delincuentes Sexuales, que depende do Ministerio de Xustiza.
- Celga 4 ou equivalente (de ser o caso). Os/as aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega, mediante a súa presentación quedarán exentas da realización da proba de galego, e daráselles por superada coa cualificación de apto/a.
- ANEXO I debidamente cumprimentado con todas as declaracións indicadas na base terceira.
- ANEXO II coa relación dos méritos alegados que deberá acompañar a instancia. Non se valorarán aqueles méritos non alegados ni acreditados xunto coa instancia.
- Modelo de autoliquidación da taxa conforme a disposición xeral primeira das presentes bases. Xunto co xustificante de pagamento, de ser o caso.

4. Non será necesaria a compulsa das copias aportadas, bastando a declaración responsable do interesado/a sobre a autenticidade dos mesmos así como dos datos que figuran na instancia, sen prexuízo de que o Tribunal ou órgano competente do concello poidan requirir que os aspirantes acrediten a veracidade das circunstancias ou documentos aportados, que foran obxecto de valoración

QUINTA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, a Alcaldía ditará resolución aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos, especificando, no seu caso, os motivos da exclusión e o prazo de subsanación de defectos e presentación de reclamacións. A resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello. No caso de non existir defectos a emendar, a listaxe provisional considerarase definitiva a todos os efectos.

2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de dous días hábiles para reclamacións e corrección das deficiencias sinaladas. Estas reclamacións

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





e correccións serán aceptadas ou rexeitadas na lista definitiva.

3. Terminado o prazo de alegacións, procederáse á aprobación da lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo, a cal será obxecto de publicación conforme á Base Segunda.

4. O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo.

SEXTA. TRIBUNAL CALIFICADOR.

1. Os membros dos tribunais cualificadores de cada unha das distintas probas selectivas convocadas serán designados pola Alcaldía segundo o disposto no artigo 59 Lei 2/2015 do emprego público de Galicia e no artigo 60 do EBEP. Constituirase atendendo aos principios de imparcialidade, profesionalidade e especialidade, en función da dispoñibilidade de recursos, tendendo á paridade entre homes e mulleres. A designación dos membros dos tribunais designados pola alcaldía farase pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello
2. En base ao establecido na Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, estará integrado por un Presidente/a e catro vogais, dos cales un actuará en calidade de secretario/a, titulares e suplentes, sendo todos eles funcionario/a de carreira, pertencente a un corpo ou escala ou categoría para ingreso no cal se requira titulación igual ou superior á de agora esixida. A pertenza ao Tribunal Cualificador será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.
3. Todos/as os/as vogais deberán contar con titulación igual ou superior á esixida como requisito dos aspirantes. O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o/a presidente/a e o/a secretario/a. O/A secretario/a terá voz e voto.





4. De tódalas reunións que faga o tribunal o/a secretario/a redactará acta.
5. Os membros do tribunal absteranse de intervir e o comunicarán á autoridade convocante cando concorran algunhas das circunstancias prevista no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.
6. O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos polas mesmas.
7. O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores, con voz e sen voto, para as probas en que así o estimen necesario ou conveniente.
8. Os membros concorrentes ás sesións do Tribunal (non pertencentes ao Concello de Barbadás) e para os efectos de percepcións de asistencias clasificaranse consonte o disposto no Real Decreto 462/2002 sobre indemnizacións por razóns de servizo.
9. O tribunal non poderá propoñer a contratación a máis de dous candidatos, os que obtiveran a maior puntuación. Non obstante, na acta da última sesión do tribunal de selección incluíranse unha lista de reservas entre os/as aspirantes por orde de maior a menor puntuación para cubrir posibles baixas por incapacidade, vacacións, renuncia ou outras continxencias sobrevidas de ausencia dos candidatos propostos.
10. En todo caso, corresponderá á Presidencia do Órgano de Selección dirimir os empates co seu voto de calidade.
11. Poderá asistir funcionarios persoal técnico, como asesores con voz pero sen voto.
12. As decisións adoptadas polo Tribunal serán por maioría dos membros presentes, así como por media aritmética das cualificacións individualmente asignadas por cada membro do Órgano de Selección. En todo caso, corresponderá á Presidencia do Órgano de Selección dirimir os empates co seu voto de calidade.
13. O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar resolucións, criterios ou medidas necesarias para





a boa orde do proceso selectivo, naqueles aspectos non previstos por estas bases.

14.O Alcalde, vista a proposta do tribunal, procederá á ditar a Resolución correspondente que acordará a contratación dos candidatos propostos e a aprobación da lista de reservas.

15.No réxime de funcionamento do Tribunal estarase ao disposto ao disposto nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico del Sector Público.

16.No réxime de recursos e revisións contra os actos e decisións do Tribunal estarase ao disposto no Título V da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

SÉTIMA. PROCESO SELECTIVO.

1. O sistema de selección empregado será o de concurso, que consistirá consistirá nunha valoración dos méritos alegados, até un máximo de 10 puntos, referidos á experiencia profesional e a formación dos aspirantes. Teráse en para as valoracións:

- Contabilizaranse soamente os períodos alegados e acreditados anteriores á data de finalización do prazo de presentación de instancias.
- Non serán obxecto de valoración a prestación de servizos en postos reservados a persoal eventual nin as becas nin prácticas formativas. Non será preciso aportar os documentos que xa obren no Concello, sendo suficiente a súa alegación na instancia para ser tidos en conta.

1) EXPERIENCIA PROFESIONAL. Valorarásese, sobre un máximo de 6 puntos, o desempeño de postos de traballo con igual ou superior nivel ou categoría á especialidade convocada, distinguíndose en función do seguinte baremo:





Concello de Barbadás

- Por cada mes completo de servizos efectivos prestados en calquer administración pública: 0,10 puntos por mes completo.
- Por cada mes completo de servizos efectivos prestados en empresas privadas: 0,05 puntos por mes completo.

Os servizos prestados valoraranse en función do tempo transcorrido e computaranse realizando a suma en días dos períodos acreditados, non computándose as fraccións inferiores ao período de referencia e entendendo que un mes consta de 30 días naturais.

Para a acreditación deberá presentarse en todo caso certificado de vida laboral actualizado de o/a solicitante, e ademáis:

- Os servizos prestados para calquera Administración Pública acreditaranse por o/a interesado/a acompañando á instancia mediante os contratos de traballo debidamente inscritos nos Servizos Públicos de Emprego (ou, no seu caso, actas de toma de posesión e cese). Con carácter alternativo ao anterior, mediante certificado emitido por órgano competente dos mesmos, no que deberá constar a denominación do posto de traballo, con especificación do grupo e categoría, que ocupe ou teña ocupado, con expresión do tempo de servizos prestados e xornada laboral e relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño do mesmo.
- A prestación dos servizos en entes instrumentais de Administracións Públicas ou en empresas privadas acreditarase mediante os contratos de traballo debidamente inscritos nos Servizos Públicos de Emprego.
- Os servizos prestados a tempo parcial valoraranse proporcionalmente, agás que a redución obedeza a algún dos supostos previstos na normativa sobre redución de xornada por motivos de lactancia, coidados de familiares e demais supostos fundados na conciliación da vida familiar e laboral.

A documentación achegada deberá ser orixinal ou copia compulsada.

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





2) FORMACIÓN. Valorarásese, sobre un máximo de 4 puntos, a realización de cursos ou xornadas relacionadas co contido do posto de traballo.

a) Por cursos de formación relacionados co posto de traballo ofertado: 0,05 puntos por cada hora de formación acreditada, cun máximo de 4 puntos.

b) En calquera caso, haberán de ser convocados por unha Administración Pública, organismos dependentes da mesma ou colexios profesionais. No caso de que sexan convocados por entidades distintas ás mencionadas anteriormente deberán estar homologados polo INAP, IAAP ou organismo análogo da Comunidade Autónoma correspondente ou acharse incluídos no correspondente acordo de formación continua nas Administracións Públicas.

c) Os cursos recibidos acreditaranse mediante certificado do organismo que o impartiu ou homologou ou, no seu caso, o título ou diploma obtido, onde conste o número de horas lectivas e o contido do curso. En caso de non xustificarse a duración do curso e horas lectivas, este non será obxecto de valoración. A documentación achegada deberá ser orixinal ou copia compulsada.

d) Só se valorarán os cursos relacionados co posto de traballo ofertado e os cursos que teñan a condición de materias transversais na administración pública. A estes efectos, enténdese que son materiais transversais os relacionados con igualdade e prevención de riscos laborais.

3. PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA. En aplicación do previsto non artigo 51.2 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia respecto da acreditación do galego, aquelas persoas que non acrediten coñecementos en lingua galega no nivel CELGA 4 ou equivalente, deberán realizar obrigatoriamente unha proba de galego que consistirá na tradución sen dicionario dun texto proposto previamente polo tribunal, de castelán ó galego, nun tempo máximo de trinta minutos. Este exercicio será cualificado de apto ou non apto, quedando excluídos aqueles aspirantes que non superen a proba.





O día e hora da proba da lingua galega, de ser precisa, publicarase coa listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as. As cualificacións publicaranse xunto coa valoración provisional de méritos.

OITAVA. DESENVOLVEMENTO DO PROCEDEMENTO.

1. Unha vez realizada a valoración de méritos e, de ser o caso, a cualificación da proba de lingua galega, polo Tribunal, ditarase resolución provisional que será publicada conforme ao establecido na Base Segunda. Os aspirantes disporán dun prazo de 2 días para formular calquera reclamación sobre a puntuación obtida.

2. De non existir reclamacións a resolución provisional será elevada a definitiva. Cando existan alegacións ou reclamacións ditarase resolución definitiva. En ambos casos, a resolución definitiva será obxecto de publicación conforme á Base Segunda.

3. En caso de empate, a orde establecerase atendendo en primeiro lugar a favor do aspirante que obtivese máis puntuación na experiencia profesional, se persistir o empate no que obtivese maior puntuación en cursos de formación, e en último caso a favor de quen teña máis idade. A lista resultante da valoración contida na resolución definitiva utilizarase, coa orde de puntuación nela establecida, como Bolsa de emprego.

4. No caso de que ningún dos aspirantes superase o proceso selectivo o tribunal declarará deserta a convocatoria. O Tribunal Cualificador elevará ao órgano competente a acta de resolución definitiva como proposta de lista que se empregará nas correspondentes contratacións

NOVENA. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

1. O aspirante proposto presentará no prazo de 2 días hábiles dende o seguinte á publicación da relación definitiva de aprobados, o certificado ou informe médico acreditativo do disposto na base terceira.

2. Se dentro do prazo sinalado, e salvo casos de forza maior, os aspirantes non presentaren dita documentación non poderán ser contratados





quedando anuladas todas as súas actuacións. Neste caso, o órgano competente formulará proposta de contratación a favor de quen ocupase o seguinte lugar na orde de puntuación final.

DÉCIMA. CONTRATACIONES.

Unha vez presenta a documentación anterior ditarase resolución dá Alcaldía na que se aproba os/as aspirantes seleccionados/as para a súa contratación. Esta resolución notificarse de xeito individual as persoas interesadas.

Tramitada a contratación, emprazarase aos candidatos/as para a firma do contrato laboral.

UNDÉCIMA. FORMACIÓN E FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE CONTRATACIÓN.

1. A bolsa de emprego ordeará aos aspirantes de maior a menor puntuación e funcionará do seguinte xeito:

- As persoas integrantes da Bolsa non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que, se son nomeados, unha vez rematada a cobertura, retornará ao posto que lle correspondía na lista
- O chamamento farase por vía telefónica. En aras de garantir este procedemento, os interesados deberán comunicar ao Concello calquera alteración dos seus datos de contacto. Como mínimo realizaranse dúas chamadas. O empregado público que realice o chamamento o fará constar mediante dilixencia indicando a disposición ou non do aspirante a cubrir interinamente a praza que corresponda, ou ben da imposibilidade de contactar con él se se dera o caso, con independencia de que se intente a comunicación por outro medio. De non atender ao chamamento entenderase que o aspirante non ten disposición de cubrir interinamente a praza.
- Unha vez feito o chamamento, disporá, como regra xeral, de vinte e catro horas naturais desde a súa recepción para aceptar ou rexeitar





Concello de Barbadás

a oferta. Cando se efectúe por medios electrónicos, será de aplicación o disposto no artigo 41 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas., debendo presentar nese prazo toda documentación esixida conforme ás bases.

- De non aceptarse a contratación deberá manifestalo por escrito mediante mail dirixido a administración@barbadás.es e no que se indicará a causa do rexeitamento, coa documentación xustificativa de ser o caso. Se se negara a manifestalo por escrito, bastará coa dilixencia do funcionario que fixera a chamada telefónica e constará como un rexeitamento sin causa xustificada.
- O aspirante que rexeite a contratación pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que poida acreditar causa xustificada, en cuxo caso retornará ao posto que lle corresponda na bolsa creada. A segunda que vez que o rexeitara sen causa xustificada será excluído desta lista de reserva mediante resolución da Alcaldía.
- Cando se rexeite o chamamento pasarase a chamar ó seguinte aspirante da bolsa.

2. Considéranse como causas xustificadas, as seguintes:

- A incapacidade temporal por enfermidade ou accidente que se acreditará mediante xustificante médico.
- O estar traballando noutro sitio que se acreditará mediante contrato de traballo ou declaración xurada do interesado/a por escrito.

3. En calquera momento os aspirantes poderán pedir a súa exclusión da bolsa/lista de reserva. O efectivo funcionamento da bolsa de reserva estará supeditado á normativa vixente en cada momento.

DÉCIMOSEGUNDA. DEREITO SUPLETORIO.

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





Concello de Barbadás

No non previsto nestas bases acudirase ao disposto no sinalado no TREBEP, no Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos ós que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local; no Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o regulamento de selección de persoal ó servizo da comunidade autónoma de Galicia e demais lexislación concordante e de aplicación.

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





ANEXO I: SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN	
Denominación praza	Profesor/a de música e movemento

DATOS DO INTERESADO/A			
Apelidos e nome			
D.N.I.		Teléfono de contacto	
Enderezo			
Email			
A dirección de email será empregada como medio de notificación preferente agás manifestación expresa da persoa participante	SI	NO	N

Mediante a presentación da presente solicitude o aspirante declara responsablemente que:

- Non está separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado por sentenza firme para o exercicio das funcións públicas,
- Non está incurso en causas de incompatibilidades de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas,
- Que posúe a capacidade e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das tarefas habituais e funcións da praza a que aspira.
- Que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos nas bases, referidas ao último día de prazo de presentación das instancias e con compromiso de manterse durante o desenvolvemento do proceso selectivo.
- Que esta exento da proba de galego por posuir o certificado correspondente esixido polas bases ou, no seu caso, deberá superar unha proba de galego alternativa segundo as bases.
- Que a documentación aportada e os datos consignados son auténticos

Que leu, entende, acata e acepta as bases e a convocatoria

O solicitante cos datos anteriormente consignados, manifesta que desexa participar no procedemento de selección arriba indicado, polo que SOLICITA que sexa admitida a presente solicitude e a documentación que se achega coa finalidade de participar no mesmo.

En, a de.....de 2022

Asinado.





Concello de Barbadás

AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARBADÁS

Anexo relativo ao réxime de protección dos datos persoais achegados coa solicitude.

Os datos persoais achegados coa presente solicitude serán tratados de conformidade co establecido no Regulamento xeral de protección de datos (Regulamento UE 2016/679 do Parlamento e do Consello) e na Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A finalidade, criterios de conservación dos datos e base xurídica do tratamento pode ser consultada na dirección <https://www.barbadas.es/politica-de-privacidad-2/>. Os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, oposición, e portabilidade, poden ser exercitados ante o Concello de Barbadás e/ou o seu Delegado de protección de datos no enderezo electrónico concello@barbadas.es.

ANEXO II. RELACIÓN DE MÉRITOS	
DENOMINACIÓN	
DATOS DO INTERESADO/A	
Apelidos e nome	

A) MÉRITOS POR SERVIZOS PROFESIONAIS	Núm. páxinas
TOTAL PÁXINAS	

B) MÉRITOS POR FORMACIÓN	Núm. páxinas
TOTAL PÁXINAS	

C) TOTAL MÉRITOS	Núm. páxinas
Deberá expresar o número total de páxinas aportadas (Apartados A + B anteriores)	

D) VERIFICACIÓN POLA OFICINA DE REXISTRO (NON CUBRIR)	Total páxinas
Total de páxinas aportadas (Apartados A + B anteriores)	
Conformidade coa documentación aportada (a cumprimentar unicamente pola oficina de asistencia en materia de rexistros do Concello de Barbadás)	

O solicitante cos datos anteriormente consignados, manifesta que desexa

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





Concello de Barbadás

participar no procedemento de selección arriba indicado, polo que SOLICITA que sexa admitida a presente solicitude e a documentación que se achega coa finalidade de participar no mesmo.

En, a de.....de 2022

Asinado e conforme

AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARBADÁS

MODELO AUTOLIQUIDACIÓN DE TAXAS: TAXA POLA PARTICIPACIÓN EN PROCESOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL

IDENTIFICACIÓN DO SUXEITO PASIVO			
Nome		Apelidos	
N.I.F.		Teléfono	
Domicilio			
Municipio		Provincia	
Código Postal		Correo electrónico	
N.º de conta bancaria para devolución da cota en caso de que sexa procedente		ES _ _ _ _ _	

A. COTA TRIBUTARIA (marcar cunha X o que proceda)		
Corpos ou Escalas do Grupo A ou asimilables	40,00 €	
Corpos ou Escalas dos Grupos B y C ou asimilables	30,00 €	X
Corpos ou Escalas dos Grupos D y E ou asimilables	20,00 €	

B. BENEFICIOS FISCAIS (marcar cunha X o que proceda)		
BONIFICACIÓN APLICABLES EQUIVALENTES AO 100% DA COTA TRIBUTARIA	1.- Discapacidade igual ou superior ao 33%	
	2.- Familias numerosas de categoría especial ou con renda per cápita individual igual ou inferior ao 1,5 veces o IPREM	
	3.- Persoas vítimas de terrorismo	
BONIFICACIÓN APLICABLES	4.- Familias numerosas de cat. xeral ou con renda per cápita individual igual ou inferior a 2 veces o IPREM	

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401





Concello de Barbadás

EQUIVALENTES AO 50% DA COTA TRIBUTARIA	5.- Persoas inscritas como demandantes de emprego non perceptoras de prestación ou subsidio	
NOTA: No caso de ser aplicable unha bonificación equivalente ao 100% da cota sendo suficiente a firma do interesado neste documento e a sua presentación ante a Administración, sen xustificante de ingreso.		

C. REALIZACIÓN DO PAGO	
N.º cuenta bancaria para realización del ingreso de cuotas resultantes de esta autoliquidación	
IBAN	ES55 2080 0470 2731 1000 0092 (ABANCA)
MEDIOS DE PAGO ADMITIDOS: Transferencia bancaria ou ingreso en conta.	
Importe a ingresar (Cota Apartado A – Beneficios fiscais aplicables do Apartado B)	_____ €
SIGNATURA DO DECLARANTE	
<p>En....., a ___ de _____ de 202__</p> <p>Coa presentación e sinatura deste modelo o suxeito pasivo declara responsablemente:</p> <p>a) Que manifesta a veracidade dos datos e condicións personais incorporados na presente autoliquidación e que se compromete á presentación da documentación xustificativa oportuna para que a Administración comprobe a veracidade dos datos aquí declarados, autorizando, con esta finalidade, ao Concello de Barbadás a consultar as bases de datos que resulten procedentes, nesta ou outras Administracións Públicas, e sen que os datos incorporados a este Modelo poidan eximir, de ningún xeito, da obriga de presentación da documentación necesaria para acreditar os extremos alegados que resulten necesarios para a liquidación da presente taxa</p> <p>b) Que é coñecedor das consecuencias derivadas da inexactitude, falseamento ou ocultación dos datos incorporados, así coma da documentación acreditativa dos mesmos, que conlevarán, no seu caso a exclusión do proceso selectivo sen dereito á devolución das cantidades xa ingresadas.</p>	

PAGO

Concello de Barbadás

C/ Cimadevila 1, Barbadás. 32890 (Ourense). Tfno. 988360000. Fax: 988360401



Cod. Validación: 74DY5N6S2NPDEYQOPYT3Z9KLF
Corrección: https://barbadas.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 23 a 23